



O Consello da Cultura lembra no cárcere da Lama a Concepción Arenal

REDACCIÓN / LA VOZ

O Consello da Cultura Galega (CCG) conmemorou os 200 anos do nacemento de Concepción Arenal —que se cumpriron o pasado venres— na prisión pontevedresa da Lama coa proxección do filme de ficción de Laura Mañá *Concepción Arenal, a visitadora de cárceres* e a celebración dun coloquio no que participaron 230 internos e internas. «Iniciamos a homenaxe visitando o cárcere e traendo connosco a Arenal, como cremos que a ela lle agradaría», asegurou a presidenta do CCG, Rosario Álvarez. A canda ela, a directora da penitenciaría, Teresa Delgado, aproveitou para destacar que Arenal «foi unha figura importante, e moitos dos avances do sistema penal débense ao seu labor». María Xosé Porteiro, coordinadora do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, enzalzou o valor do legado da pensadora ferrolá.